

RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE VEDRA PARA A CREACIÓN DE SOLO DOTACIONAL EN SAN FINS DE SALES

Promotor: Concello de Vedra

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Expediente: 2021AAE2636

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

- 1 O concello de Vedra dispón dun Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 08.05.2007. O PXOM foi posteriormente obxecto de varias modificacións puntuais, entre elas unha aprobada no ano 2018 que afectaba a aliñacións e espazos públicos relacionados con varias dotacións e equipamentos no núcleo de San Fins de Sales, entre outros.
- 2 O 15.12.2021 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Vedra no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Modificación puntual do PXOM de Vedra. Modificación do solo de núcleo rural para a creación de solo dotacional en San Fins de Sales". O 17.12.2021 este órgano ambiental requiriu ao promotor que emendase a solicitude e o 29.12.2021 recibíuse a documentación completa para poder iniciar a tramitación ambiental.
- 3 O 04.01.2022 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos a través do portal web e consultou ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 O artigo 46.2.a) da LSG sinala que deben someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica as modificacións menores do planeamento xeral de ordenación municipal.
- 3 A LSG establece tamén que, antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental someterá a documentación ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas; estas deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).





A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características da modificación puntual do PXOM


Obxecto: creación de solo dotacional de carácter asistencial para albergar unha residencia de maiores con centro de día.

Alternativas: no documento ambiental estratéxico avalíanse dúas alternativas: a alternativa cero, ou de non actuación, e a alternativa 1, que se corresponde coa proposta formulada.

Proposta: Proponse implantar o novo equipamento asistencial nun recinto de solo duns 6.909 m² situado no núcleo rural de Nande, na parroquia de San Fins de Sales e a 120 m de distancia da autoestrada AP-53.

Na actualidade este solo está clasificado no PXOM como solo de núcleo rural, tendo a zona sur atribuída a ordenanza N-2 "De expansión dos núcleos rurais" mentres que a zona norte ten asignado un uso dotacional para equipamento comunitario de servizos urbanos (SU-1; sen desenvolver), ao abeiro da ordenación establecida pola modificación do plan xeral aprobada no 2018. Ambas zonas están separadas por un viario.

A modificación proposta inclúe cualificar todo o ámbito como solo dotacional destinado a equipamento comunitario de carácter asistencial (AS-3) e eliminar o viario interior.



Ordenación do ámbito no planeamento vixente e proposta de modificación puntual

No documento ambiental estratéxico (aptdos. 7.9.1 e 7.9.2) indícase que para o abastecemento de auga ao ámbito "aprovéitase a instalación existente de tubaxes do sistema xeral de abastecemento de auga municipal, con capacidade suficiente para resolver a demanda prevista" e respecto ao saneamento "executarase, cando sexa necesario, un sistema separativo para as augas residuais e pluviais co obxectivo de non sobrecargar as instalacións de tratamento. Se empregarán tubos de PVC reforzado e pozos de rexistro".





2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito de actuación sitúase no noroeste do concello de Vedra, a menos de 1 km do límite cos concellos de Santiago de Compostela e Boqueixón.

A contorna próxima ten un carácter rural, con vivendas unifamiliares dispersas e varios equipamentos municipais (o museo "Paz Camps" e unha escola infantil).

Trátase dunha zona de topografía suave, que se atopa algo sobreelevada con respecto ao viario municipal co que limita polo leste (que conecta a uns 450 m ao norte coa estrada nacional N-525), e conta cunha lixeira pendente descendente en dirección leste.

Na actualidade dentro do ámbito non se desenvolven usos, estando os terreos ocupados maiormente por vexetación herbácea, con algo de mato e árbores illadas. Está atravesado por un viario de xabre que dá acceso ao museo Paz Camps.

Non existe ningún curso fluvial no ámbito nin na súa contorna próxima, nin coincide con ningún espazo natural protexido nin con hábitats de interese cartografados.

Tampouco consta a existencia de bens do patrimonio cultural no ámbito nin na súa contorna próxima.

A autoestrada AP-53 atópase a uns 125 m ao noroeste do ámbito de actuación, e transcorre sobreelevada respecto á contorna, resultando o ámbito parcialmente visible desde esta. Esta estrada, pola súa IMD, non conta con mapas estratéxicos de ruído¹.



Ámbito de actuación

3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe ambiental estratéxico:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	

¹ Elaborados para estradas con tráfico superior a tres millóns de vehículos por ano.





Asemade, o borrador da modificación mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración da modificación as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas.

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

Sinala que a ampliación dunha área dotacional pública ten acollida como razón de interese público para a formulación dunha modificación puntual do plan xeral.

A modificación deberá ter en conta as determinacións e documentación procedentes conforme á LSG e ao RLSG, e adaptarse ao disposto nas normas técnicas de planeamento urbanístico aprobadas.

Instituto de Estudos do Territorio:

Sinala que o documento ambiental non inclúe unha análise da paisaxe nin fai referencias ao Catálogo das paisaxes de Galicia, e que as medidas correctoras que incorpora poden considerarse xenéricas e insuficientes.

A proposta implica introducir nunha paisaxe agraria certas construcións que poden alterar a composición paisaxística e, en consecuencia, producir efectos visuais negativos, se ben o alcance deste efecto será reducido pola presenza na contorna doutro equipamento municipal e de vivendas unifamiliares, así como pola vexetación existente na parcela.

Conclúe que a modificación proposta non provocará un impacto paisaxístico significativo pero deberán terse en conta unha serie de cuestións que se detallan no informe.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con esta Modificación puntual do plan xeral vixente en Vedra preténdese dispoñer no concello dun ámbito con capacidade suficiente para albergar unha residencia de maiores con centro de día.

A modificación non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados.

Non se agardan efectos negativos relevantes en canto á ocupación e transformación do solo, ao tratarse dun ámbito de reducida dimensión (0,69 ha), inserido xa na actualidade no solo de núcleo rural, cunha topografía suave e non alberga valores naturais destacables.

A futura implantación de edificacións no ámbito pode producir efectos negativos sobre a paisaxe rural actual, se ben o alcance destes efectos verase reducido pola presenza na contorna doutros equipamentos municipais e edificacións residenciais. En todo caso, a modificación deberá incluír un estudo de paisaxe no que se analice a visibilidade desde a contorna (en concreto desde a autoestrada AP-53) e a partir do cal se establezan medidas de integración paisaxística axeitadas.





Non se prevén efectos sobre o patrimonio natural nin sobre o patrimonio cultural, dada a inexistencia de elementos de especial interese na zona.

O novo equipamento leva aparelado un posible incremento das necesidades de auga para abastecemento e dos caudais de augas residuais xerados con respecto ao previsto no plan xeral actual. Dadas as características da actuación non se agardan efectos significativos ao respecto, en todo caso deberá xustificarse a capacidade dos servizos de abastecemento e saneamento existentes para atender as novas necesidades xeradas e, no seu caso, as medidas a adoptar.

En conclusión, non cabe esperar que se produzan efectos ambientais adversos significativos pero, atendendo ao comentado nos parágrafos anteriores, deberán considerarse as determinacións ambientais que se concretan na seguinte proposta.

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a “Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Vedra. Modificación do solo de núcleo rural para a creación de solo dotacional en San Fins de Sales”. No entanto, establécese as seguintes **determinacións**:

- Atendendo ao sinalado polo Instituto de Estudos do Territorio, deberá realizarse un estudo da paisaxe (artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008), cuxo contido debe ser proporcionado á entidade e alcance da modificación. O estudo de paisaxe deberá incluír unha análise da visibilidade dende a autoestrada AP-53.

Con base no antedito estudo de paisaxe, deben preverse as medidas oportunas para asegurar unha adecuada integración paisaxística, para o cal deben cumprimentarse as normas e recomendacións das Directrices de paisaxe; en particular:

- Recoméndase realizar plantación de exemplares arbóreos de especies autóctonas ou de interese coa finalidade de mellorar a integración dos equipamentos e funcionar como barreiras visuais desde a AP-53.
 - Aínda que esta modificación non incide na ordenanza reguladora dos equipamentos, recoméndase establecer unhas condicións particulares para asegurar unha adecuada integración paisaxística e imaxe de conxunto dos novos equipamentos, en relación coas condicións estéticas e de composición das edificacións, o acabamento e cor das fachadas e cubertas acordes coa arquitectura tradicional da zona, o valado perimetral das parcelas.
 - Para o tratamento dos espazos públicos e zonas verdes compre ter en conta os criterios que recolle a *Guía de Boas prácticas en intervencións en espazos públicos*.
- Deberá garantirse o abastecemento de auga, o saneamento de augas residuais e a xestión das augas pluviais conforme a criterios de sustentabilidade e á planificación hidrolóxica (determinación 4.8.9 das Directrices de Ordenación do Territorio).





- Cómpre adaptar a documentación ao disposto nas Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, aprobadas mediante Orde do 10 de outubro de 2019.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación puntual do PXOM do concello de Vedra para a creación de solo dotacional en San Fins de Sales, posto que non se prevén efectos ambientais adversos significativos. Non obstante, para favorecer a integración dos aspectos ambientais no planeamento adoptaranse as determinacións que se indican na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública no Diario Oficial de Galicia e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>), e remitirase ao Concello de Vedra xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o planeamento no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no Diario Oficial de Galicia. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación da modificación (artigo 31.5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

